

2ª ANEXO a PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

MATEMÁTICAS ORIENTADAS AS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 3º ESO
CURSO 2019-20
IES MOSTEIRÓN

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Índice

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
2. Recuperacións da 1ª e 2ª avaliación
3. Outras actividades
4. Avaliación Ordinaria (Nota de xuño)
5. Instrumentos de traballo
6. Data de Inicio.
7. Profesorado de reforzo.
8. Convocatoria extraordinaria (Setembro)
9. Materias pendentes
10. Información e publicidade

O Departamento de Matemáticas toma as seguintes decisións para o desenvolvemento, seguimento e avaliación nos distintos cursos do Departamento como consecuencia da pandemia de COVID-19. Este Anexo é unha ampliación do 1º con data 27 de Abril de 2020 coma resulta das indicacións da Inspección Educativa.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Os estándares de aprendizaxe e competencia imprescindible son os correspondentes a materia impartida durante a 1ª e a 2ª avaliación (ata o 12 de Marzo) que, agrupada en unidades didácticas é a seguinte:

- Tema 1: Números racionais. (B2.1, B2.2, B2.3, B2.5, B2.6)
- Tema 2: Números reais (B2.4, B2.5, B2.6)
- Tema 3: Polinomios. (B2.9)
- Tema 4: Ecuacións. (B.10, B2.11, B2.13)
- Tema 5: Sistemas de ecuacións. (B2.12, B2.13)

2. Recuperacións da 1ª e 2ª avaliación

- a. Ante a imposibilidade de realizar probas presenciais a recuperación de avaliacións anteriores non superadas, farase a partir dunha serie de traballos e actividades propostas que o alumno terá que presentar de xeito telemático por medio da aula virtual Moodle do IES O Mosteirón.
- b. As actividades serán puntuados como :
 - i. **Entregado completos, ben presentados e na súa data e seguindo as instrucións da actividade: 6 puntos**
 - ii. **Entregados incompletos ou mal presentados ou fora de data sen causa xustificada coñecida, ou sen seguir as instrucións da actividade: 3**
 - iii. **Non entregados: 0**
- c. Para calcular a nota da recuperación de cada avaliación, farase a nota media de tódolos traballos. Segundo consta na programación xeral do Departamento se a nota oscila entre un 5 e un 7 a cualificación que constara cara a cualificación final será dun 5.
- d. A nota final da avaliación será a máis alta entre a nota obtida no trimestre e a obtida nos traballos de recuperación.

3. Outras actividades

- a. Ofreceranse ademais outras actividades que permitirán ampliar as competencias do alumnado na materia, non serán propiamente de recuperación dos trimestres anteriores e son optativas para os alumnos .
- b. Estas actividades de ampliación contribuirán para subir a nota media aumentando ata nun 20% a media da primeira e da segunda avaliación, unha vez que estean aprobadas a 1ª e a 2ª avaliación ou as súas recuperacións. Cualificarán segundo a rúbrica seguinte :
 - i. Entregada completa, presentación axeitada, na súa data e seguindo as instrucións da actividade: 10 puntos
 - ii. Entregada algo incompleta, ou con presentación non axeitada, ou fora de data e seguindo as instrucións da actividade: 5 puntos
 - iii. Entregada moi incompleta ou sen seguir as instrucións: 2,5 puntos
 - iv. Non Entregada: 0 puntos

A cualificación de “outras actividades “ será a media da cualificación de todos os traballos propostos.

4. **Avaliación Ordinaria (Nota de xuño):**

Para aprobar a avaliación Ordinaria (Convocatoria de Xuño) o alumno deberá ter aprobada a 1ª e a 2ª avaliación ou as correspondentes recuperacións. Non se fará media (igual ou superior a 5) se algunha destas dúas avaliacións está suspensa. Se a primeira ou a segunda avaliación está suspensa no se terán en conta “outras actividades”.

O calculo da media final do curso será :

Media aritmética da 1ª e da 2ª avaliación +media aritmética da 1ª e da 2ª x0,2 x nota “outras actividades”x0,1

Exemplo:

1ª avaliación	2ª avaliación	Outras actividades
7	5	7

Nota media 1ª y 2ª avaliación : 6

Canto soben as “outras actividades”...? Como máximo un 20% da media da 1ª e da 2ª... como máximo $6 \times 0,2 = 1,2$

Nese caso como nas “outras actividades” hai un 7... $1,2 \times 0,7 = 0,84$

A puntuación final será $6 + 0,84 = 6,84$

5. **Instrumentos de traballo.**

- As actividades propostas poderán ser visualizacións de vídeos, realización de test de auto avaliación e reforzo, realización e corrección de cuestións, calquera traballo que supoñan garantir a formación, reforzo, recuperación e adquisición das diferentes competencias por parte do alumnado. Todas as actividades proporáanse e seguiranse por medio da aula virtual Moodle do IES O Mosteirón e a súa entrega se permitirá nun prazo determinado. Poderase ter en conta retrasos xustificados que se aconsella se comenten co profesor da materia tan pronto coma sexa posible.
- Poderanse organizar videoconferencias grupais co obxectivo de manter o contacto social, acompañar ós alumnos e resolver dúbidas que quedaran despois de empregar as vías proporcionadas pola plataforma virtual, mensaxería privada e foros. A asistencia ás videoconferencias non será obrigada, tendo en conta os diferentes problemas de conexión ou de equipos que poden amosar os rapaces en función da súa realidade xeográfico-social.
- O profesorado poderá indicar no seu curso da aula virtual os requisitos que deben de cumprir cada tarefa a hora de ser realizada e entregada .
- O alumnado pode consultar co profesorado as dúbidas que se lle presenten a través da mensaxería ou dos foros da aula virtual.

6. **Data de Inicio.**

Tendo en conta que dende que se suspenderon as clases polo estado de alarma recibíronse distintos tipos de instrucións por parte da inspección educativa en relación a materia a impartir e a avaliar, o presente anexo ten validez a partir do 27 de Abril.

Se o profesor da materia o considera pode establecer novos períodos de entrega para tarefas propostas con anterioridade a esta data.

7. Profesorado de reforzo.

Para unha mellor atención do alumnado, ademais do profesor titular da materia, estará a disposición do alumnado o profesorado de reforzo do centro no que se inclúen a PT, e as profesoras de REFORZA-T e MELLORA DA COMPETENCIA MATEMÁTICA.

8. Convocatoria extraordinaria (Setembro)

Namentres a Inspección Educativa non dea outras instrucións, mantense para a convocatoria de setembro o establecido na programación no principio do curso.

“Os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, poderán facelo na extraordinaria. Teñen que obter una cualificación de 5 nunha proba escrita relativa a os contidos traballados durante o curso”. Neste caso os contidos serían os impartidos durante a primeira e a segunda avaliación.

9. Materias pendentes

Ante a incerteza de que se poidan facer exames presenciais e dada as alturas do curso no que nos atopamos decídese modificar o plan de recuperación de pendentes tal e como estaba definido no comezo do curso, establecéndose o seguinte procedemento:

- A materia de pendente queda repartida nas mesmas dúas partes segundo estaba contemplado inicialmente no plan de recuperación de pendentes.
- A avaliación da segunda parte da materia farase mediante a entrega dunha serie de fichas que se colgaran na aula virtual e que serán unha selección de exercicios dos xa propostos con anterioridade no plan de recuperación de pendentes.
- Os alumnos que no seu momento non aprobaron o exame da primeira parte da materia, poderán recuperar polo mesmo procedemento, e dicir a realización de tarefas que serán colgadas na aula virtual e que serán unha selección de exercicios dos propostos no plan de recuperación da primeira parte.
- As actividades puntuaranse como:
 - i. **Entregado completos, ben presentados e na súa data e seguindo as instrucións da actividade: 6 puntos**
 - ii. **Entregados incompletos ou mal presentados ou fora de data sen causa xustificada coñecida, ou sen seguir as instrucións da actividade: 3**
 - iii. **Non entregados: 0**
- Para calcular a nota de cada aparte, farase a nota media de tódolos traballos. Segundo consta na programación xeral do Departamento no caso de recuperacións se a nota oscila entre un 5 e un 7 a cualificación que constara cara a cualificación final será dun 5 (afectaría a aqueles alumnos que teñan que recuperar a primeira parte).
- E condición necesaria para aprobar na Convocatoria Ordinaria obter coma mínimo un 5 en cada unha das partes na que se reparte a materia do plan de recuperación.
- Unha vez aprobadas as dúas partes a nota final calcularase facendo a media aritmética das dúas partes.

Convocatoria extraordinaria (setembro)

Namentres a Inspección educativa non dea outras instrucións, mantense para a convocatoria de setembro o establecido na programación no principio do curso.

“Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria, poderán facelo na extraordinaria. Para aprobar o alumno terá que obter un 5 na proba escrita (exame) que abrangue todo los contidos do curso anterior.”(Os indicados no plan de recuperación que se lle facilitou o alumnado).

10. Información e publicidade

Este 2º Anexo de programación de Matemáticas, será presentado ante a Dirección do IES O Mosteirón, que a súa vez a presentara ante a Inspección Educativa. Así mesmo será colgado na aula virtual no curso correspondente. O profesor da materia mandará unha mensaxe ao alumnado a través da aula virtual, informándolle da publicación do presente 2º anexo na aula virtual.

Mosteirón a 11 de Maio do 2020

A Xefa do Departamento de Matemáticas

Eva María Deus García.